

O sector hortícola galego fronte o cambio climático (I)



Impactos do Cambio Climático na horticultura galega.

Galicia conta con unha grande variedade de espazos agrarios, de acordo coa súa diversidade climática e edafolóxica existente entre o litoral e o interior.

O 61% da superficie cultivada adícase á produción de cultivos forraxeiros, destinados á alimentación do gando. Por detrás desta produción destaca a superficie destinada a cereais, especialmente millo, vide, pataca, cultivos coma o do tomate, leituca, cebola ou repolo.

Ao analizar o impacto global do cambio climático sobre a produción vexetal, en termos de aumento esperable da temperatura e de enriquecemento de CO₂ na atmosfera, basicamente constatase que cabe esperar os seguintes efectos:

- O aumento de temperatura traerá como consecuencia unha diminución das xeadas de radiación e o conseqüente adiamento da floración das especies.

En canto ao efecto sobre as necesidades de auga para os cultivos, producírase un incremento de entre un 7 e 8% con respecto á actual. O ascenso térmico terá efectos prexudiciais sobre a conservación da materia orgánica do chan, provocando unha maior perda da mesma, por cada aumento de temperatura de 1°C a perda de carbono orgánico no chan pode ser do 6-7 %. Alteraranse os ciclos vitais dos patóxenos e da patoxénese nas enfermidades, así como a fisioloxía das interaccións entre a planta e o patóxeno.

Máis información na Eco guía "O sector hortícola galego fronte ao Cambio Climático" dispoñible na sección "Documentos" da web do proxecto.

Segundo Taller de capacitación de técnicos comarcais.



Alumnos do IES Val do Asma na Xornada de sensibilización escolar.

Actualidade da Campaña LIFE+ "CAMBIAR O CAMBIO"

Celebrado o pasado 16 de outubro o segundo "Taller de capacitación de técnicos comarcais", no cal se informou da implantación de instalacións de enerxía solar fotovoltaica nas explotacións agrogandeiras.

Celebradas as xornadas específicas correspondentes ao subsector forestal "O silvicultor galego fronte ao cambio climático" en Lugo, Castro Caldelas,

Xornada específica "O silvicultor galego fronte o Cambio Climático" en Chantada.



Chantada e Santiago. As xornadas tiveron unha asistencia de 212 persoas maioritariamente profesionais do sector que se mostraron moi interesados polos efectos que está a sufrir o subsector forestal debido aos efectos do cambio climático.

As xornadas de sensibilización escolar "O agricultor galego fronte ao Cambio Climático" retomou a súa andadura polos centros escolares de Galicia. No mes de novembro os técnicos do proxecto achegáronse ao IES Val do Asma en Chantada, CPI de Rodeiro en Rodeiro e CEIP Víctor Sáenz en Mazaricos.

Para máis información pódese consultar a web www.unionsagrarias.org/life+cambiarocambio

"Coa contribución do instrumento financeiro LIFE da Comunidade Europea".

Este material non expresa necesariamente a visión da Comisión.